

## **CAMPIONATO GALEGO de SQUASH por EQUIPOS 2017**

### **SQUASH CLUB SANTIAGO**



#### **BASES:**



1. O Campionato realizarase nas instalacións do Squash Club Santiago en Avda. Rosalía de Castro, 59 Milladoiro (Ames); Os **días 16 e 17 de xuño de 2017**.
2. Para inscribirse no torneo é obrigatorio estar en posesión da licenza da F.G.S. para o ano 2017.
3. As inscricións realizaranse no e-mail da FGS: [info@fqsquash.org](mailto:info@fqsquash.org).
4. O peche das inscricións será o luns día 12 de xuño ás 20 horas. O precio da inscrición será de: **Equipo Masculino 20,00€, Equipo Feminino 15,00€**. O pago realizarase por transferencia bancaria, e o xustificante será enviado por e-mail a [info@fqsquash.org](mailto:info@fqsquash.org) antes do martes 13 de xuño ás 10h, de no ser así a inscrición no terá validez.

**Número de conta: ABANCA 2080 05011730 4003 1815.**

5. O Xuíz-árbitro do torneo será **D. PABLO RODRÍGUEZ MOSQUERA** e as súas decisións serán inapelables.
6. A bola oficial do campionato será a Dunlop Revelation Pro XX (dobre punto amarelo).
7. Os partidos disputaranse ó millor de cinco xogos de 11 puntos (punto directo, empate a 10 puntos a dous de diferenza). Xogarase unha fase de consolación, para os xogadores que perdan na primeira ronda.
8. Os equipos serán de 4 compoñentes en equipos masculinos (+ 2 suplentes) e 3 compoñentes nos equipos femininos (+1 suplente).
9. Será obrigatorio coñecer o horario dos partidos, que a cada deportista corresponda, os xogadores que perdan en primeira ronda do cuadro principal xogarán unha fase de consolación.
10. Aplicarase riguroso W.O., unha vez transcurridos 15 minutos da hora fixada para o comezo do partido.
11. Entregaranse en Categoría Masculina: Trofeos ós dous primeiros Equipos clasificados e o Equipo Campión de Consolación. En Categoría Feminina Trofeos ós dous primeiros Equipos clasificados.